

COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA
DA CIDADE DE PONTEVEDRA

INFORME FINAL
XULLO 2026

RECOMENDACIÓNS CIDADÁS PARA PROMOVER UN CONSUMO ALIMENTARIO SOSTIBLE EN PONTEVEDRA

Contido

1. RESUME EXECUTIVO 2
2. INTRODUCIÓN 4

O Comité cidadá de Pontevedra polo Clima 4

3. O PROCESO PARTICIPATIVO 5

Características do grupo 5

Fases e sesións participativas: 5

4. LIÑAS TEMÁTICAS DAS RECOMENDACIÓNS 8
5. RECOMENDACIÓNS CIDADÁS 11
6. LECCIÓNS APRENDIDAS 38
7. PRÓXIMOS PASOS 40

1. RESUME EXECUTIVO

O Comité Cidadán polo Clima de Pontevedra desenvolveuse no marco do proxecto Plataforma de ciencia aberta para o impulso local dos ODS, financiado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e impulsado polo Post-Growth Innovation Lab da Universidade de Vigo. O seu obxectivo foi elaborar recomendacións prácticas que contribúan a reducir a pegada climática do municipio mediante cambios nos patróns de consumo alimentario e nas políticas públicas relacionadas coa alimentación.

O Comité configurouse como un espazo deliberativo, consultivo, aberto e propositivo, orientado á reflexión informada e á formulación colectiva de solucións aplicables ao contexto local. Estivo integrado por 16 persoas voluntarias, seleccionadas atendendo a criterios de diversidade, motivación e dispoñibilidade. A súa composición foi equilibrada en termos de xénero —9 mulleres e 7 homes— e incorporou persoas de diferentes idades, situacións laborais e niveis formativos, favorecendo unha visión interxeracional e plural sobre a relación entre alimentación, consumo e cambio climático.

O proceso desenvolveuse ao longo de cinco sesións presenciais, correspondentes coas seguintes fases: diagnose, deliberación, xeración de propostas, análise de viabilidade e concreción final. A metodoloxía alternou dinámicas individuais e grupais, así como ferramentas analóxicas e dixitais, promovendo a participación activa das persoas integrantes. O percorrido metodolóxico permitiu avanzar progresivamente desde a construción dunha visión compartida ata a elaboración de accións concretas coas súas fichas detalladas descritivas, metodolóxicas e de seguimento.

Como resultado, o Comité elaborou as 12 accións prioritarias seguintes:

RECOMENDACIÓNS CIDADÁS CARA UN MODELO MAIS SOSTIBLE DE ALIMENTACIÓN

1. **Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios e os días de celebración.**
2. **Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo.**
3. **Facilitar postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, con capacitación e apoio aos vendedores.**
4. **Primar a cociña in situ fronte ao catering nos comedores escolares.**
5. **Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios.**
6. **Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores.**
7. **Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas.**
8. **Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización.**
9. **Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra.**
10. **Apoiar desde a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores.**
11. **Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles.**
12. **Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar.**

En conxunto, as propostas ofrecen unha folla de ruta para avanzar cara a un sistema alimentario local máis sostible, accesible e resiliente, combinando actuacións sobre a comercialización, a educación, a prevención do desperdicio, os equipamentos públicos e a produción comunitaria. A súa posta en marcha require coordinación municipal, colaboración cos axentes do territorio e mecanismos de seguimento que permitan avaliar os resultados e adaptar progresivamente as medidas.

2. INTRODUCIÓN

O Comité Cidadá Polo Clima é unha iniciativa dentro do proxecto "Plataforma de ciencia aberta para o impulso local dos ODS" financiado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e impulsado polo grupo PostGrowth Innovation Lab da Universidade de Vigo.

O obxectivo do proxecto é promover os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a nivel local mediante a cocreación de políticas baseadas na evidencia científica. Para iso, estase desenvolvendo unha plataforma dixital aberta para o seguimento dos ODS a nivel municipal en toda España. A iniciativa inclúe un proxecto piloto na cidade de Pontevedra para impulsar a plataforma, que consta de dúas accións:

1. **Un proxecto de ciencia cidadá**

No centro de ensinanza secundaria de Pontevedra IES Luís Seoane, o persoal docente e o alumnado introdúcense na investigación científica para estudar o patrón de consumo de alimentos no municipio de Pontevedra, co apoio do equipo de investigación de Plataforma ODS. Un dos obxectivos deste proxecto é que os resultados puderan servir de base para a toma de decisións colectivas. A metodoloxía está deseñada para que poida replicarse noutros lugares e escolas.

2. **Un comité cidadán polo clima**

O Comité Cidadán polo Clima ten o obxectivo xeral de proporcionar un espazo amable de encontro e diálogo que permita deseñar propostas cocreadas trasladables ao Concello de Pontevedra como recomendacións cidadás. Trátase dunha iniciativa pioneira en Galicia, que busca sentar as bases para unha participación cidadá activa en resposta aos grandes retos do século XXI.

O Comité cidadá de Pontevedra polo Clima

O comité ten como marco de referencia a "***Asamblea Ciudadana para el Clima***", xurdida como consecuencia da "*Declaración ante la emergencia Climática y Ambiental en España*" aprobada polo Consello de ministros o 21 de xaneiro de 2020. Un dos compromisos da Declaración foi reforzar os mecanismos de participación coa convocatoria dunha asemblea cidadán para o clima, e cuxa composición, organización e funcionamento estaba rexida por unha orde ministerial.

O proxecto piloto de asemblea cidadá no marco do proxecto Plataforma ODS levouse a cabo no Concello de Pontevedra, cun grupo de traballo composto por persoas voluntarias que representan a diversidade da súa cidadanía (en termos de idade, nivel de estudos e xénero).

O comité tivo un carácter deliberativo, consultivo, aberto e propositivo. Este grupo de persoas reuniuse en 5 sesións, nunhas xornadas dirixidas por persoal experto, nas que, de forma dinámica e colaborativa, traballaron en potenciais solucións para mellorar o consumo de alimentos na cidade de Pontevedra co fin de reducir a pegada de carbono.

A metodoloxía de traballo foi deseñada para promover, decisións colectivas das persoas integrantes do comité. Utilizáronse ferramentas analóxicas e dixitais, e alternáronse dinámicas de participación individual e en grupos.

Ao longo das sesións o Comité Cidadá polo Clima elaborou 12 propostas para implementar a nivel municipal que serán trasladadas ao Concello de Pontevedra.

3. O PROCESO PARTICIPATIVO

Para constituír o comité cidadán realizouse un proceso de convocatoria, preselección e selección final das persoas participantes en función da representatividade, motivación e dispoñibilidade.

Características do grupo

O Comité Cidadán polo Clima quedou conformado por un total de **16 persoas,**. **das cales 9 eran mulleres e 7 homes**, o que contribúe a garantir a paridade de xénero.

No que respecta á **distribución por idades**, o grupo amosa unha representación interxeracional, elemento relevante para abordar cuestións relacionadas co consumo alimentario e co cambio climático desde diferentes experiencias vitais e realidades sociais. A composición por rangos de idade é a seguinte:

- Entre 18 e 30 anos: 1 participante
- Entre 31 e 45 anos: 5 participantes
- Entre 46 e 65 anos: 6 participantes
- Máis de 65 anos: 4 participantes




Fig. 1. Distribución por rangos de idade e xénero das persoas participantes.

En relación coa actividade laboral das 16 participantes, nove están actualmente en activo, tres xubiladas e tres desempregadas. No relativo ao nivel de estudos, tres persoas estudaron ata nivel secundaria (FP/Bacharelato), e o resto teñen nivel universitario ou superior (8 universitarios e 5 teñen ademais máster ou doutorado).

Fases e sesións participativas:

- Fase 1. Presentación e conformación do comité: Sesión 1
- Fase 2: Aprendizaxe e deliberación: Sesións 1 e 2

- Fase 3: Deliberación e xeración de propostas: Sesións 3 e 4
- Fase 4: Síntese e concreción final das recomendacións: Sesión 5



Fig 2. Liña temporal da elaboración das recomendacións

Sesión 1ª. Presentación do proxecto e constitución do comité

Celebrada o martes 3 de marzo, de 16:30 a 20:30, na Sala Laboratorio de Enxeñería Cartográfica, Facultade de Ciencias Forestais, Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

Nesta primeira sesión conformouse o comité e traballouse cara a construción dunha visión compartida sobre consumo alimentario e cambio climático en Pontevedra: Presentación do proxecto Plataforma ODS, explicación das normas de funcionamento do grupo, dinámica de presentación, primeira diagnose colectiva e construción dun escenario de futuro compartido.

Sesión 2ª. Análise do sistema de produción de alimentos

Celebrada o martes 24 de marzo, de 16:30 a 20:30, na Facultade de Dirección e Xestión Pública, aula 9ADXP.

O obxectivo desta sesión foi comprender de maneira crítica como se producen os alimentos que consumimos en Pontevedra e como estas formas de produción inflúen no cambio climático e na posibilidade de avanzar cara a un consumo máis sostible. Identificáronse colectivamente barreiras e oportunidades para fomentar unha produción alimentaria máis sostible, incorporando unha primeira reflexión sobre o papel das políticas públicas municipais como motor de cambio.

Sesión 3ª. Propostas para a mellora dos patróns de consumo de alimentos

Celebrada o martes 28 de abril, de 16:00h a 20:00h, no IES Luís Seoane, Monteporreiro, Pontevedra.

A terceira sesión do Comité Cidadán polo Clima desenvolveuse en conxunto co I FORO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, que tamén forma parte do proxecto "Plataforma de ciencia aberta para o impulso local dos ODS". Este foro pretende ser un encontro anual onde se presenten resultados de proxectos de investigación que favorezan a consecución de ODS no municipio de Pontevedra. Este primeiro ano, o foro reuniu as participantes do proxecto de ciencia cidadán e ao Comité Cidadán polo Clima, co fin de que os resultados do proxecto de ciencia cidadán alimentasen o debate sobre as recomendacións políticas que tiña encomendado o Comité cidadán .

Nesta sesión as asistentes, tanto membros do comité como alumnado e docentes do IES, participantes no proxecto de ciencia cidadán, traballaron cara ao obxectivo de obter unha lista de propostas concretas para mitigar a pegada de carbono relacionada co patrón de consumo de alimentos en Pontevedra, nas que tiñas que identificar actores implicados, necesitades e barreiras.

Sesión 4ª. Priorización e viabilidade das propostas

Celebrada o xoves 21 de maio, de 16:00 a 20:00, na Sala Laboratorio de Enxeñería Cartográfica, Facultade de Ciencias Forestais, Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

O obxectivo desta sesión foi avanzar dende as recomendacións xerais plantexadas nas sesións anteriores cara á identificación e priorización de accións concretas, específicas e aplicables ao contexto de Pontevedra. Ademais, a sesión buscaba dar un primeiro paso na análise da viabilidade destas accións, identificando as condicións necesarias para a súa implementación e as principais barreiras que poderían dificultala. Contouse coa presenza dunha persoa representante do Concello de Pontevedra que puido comentar algunhas das accións propostas e iniciativas locais en curso.

Sesión 5ª. Selección final e concreción de accións

Celebrada o martes 30 de xuño, de 16:00 a 20:00, na Sala Laboratorio de Enxeñería Cartográfica, Facultade de Ciencias Forestais, Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo.

A quinta e última sesión do Comité Cidadán polo Clima: Consumo e Cambio Climático en Pontevedra supuxo o peche do proceso deliberativo desenvolvido no marco do proxecto Plataforma ODS. Nesta sesión traballouse na elaboración colaborativa de 12 fichas de accións prioritarias, incorporando para cada unha delas a seguinte información:


- os actores implicados,
- os recursos necesarios,
- os primeiros pasos para a súa posta en marcha,
- o horizonte temporal,
- os indicadores de seguimento e
- a súa relación con outras accións do Comité.

Estas propostas serviron de base para a elaboración do presente documento de recomendacións do proxecto, destinado a apoiar ao Concello de Pontevedra no deseño de futuras actuacións orientadas á promoción dun sistema alimentario máis sostible e á contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no ámbito local.

4. LIÑAS TEMÁTICAS DAS RECOMENDACIÓNS

Antes da última sesión do comité enviouse as participantes un cuestionario para a priorización das 28 propostas elaboradas na sesión 4..

Fig. 3. Resultado do exercicio de priorización previo á derradeira sesión



O obxectivo na última sesión era traballar en profundidade as 15 propostas con maior puntuación, unha por asistente. Finalmente só puideron asistir 12 persoas, polo que se decidiu traballar coas 12 propostas mais votadas.

As 12 propostas finais, por orde de prioridade asignada polo grupo, son:

1. **Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios e os días de celebración.**
2. **Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo.**
3. **Facilitar postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, con capacitación e apoio aos vendedores.**
4. **Primar a cociña in situ fronte ao catering nos comedores escolares.**
5. **Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios.**
6. **Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores.**
7. **Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas.**
8. **Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización.**
9. **Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra.**
10. **Apoiar desde a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores.**
11. **Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles.**
12. **Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar.**

As accións están numeradas en base a súa importancia relativa, segundo o exercicio de priorización desenvolto polos participantes do comité. Despois, estas poden ser agrupadas en liñas temáticas que comparten obxectivos xerais e ámbitos de actuación comúns para facilitar a súa comprensión, poñer de manifesto as relacións entre elas e favorecer a súa posterior planificación, coordinación e seguimento.

LIÑAS TEMÁTICAS

1. **Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**
2. **Alimentación sostible e educación na comunidade escolar**
3. **Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios**
4. **Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente**

Accións incluídas en cada liña temática:

LIÑAS TEMÁTICAS E ACCIÓNS

1. Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo

Orientada a facilitar o acceso da cidadanía a produtos locais, de proximidade e de tempada, diversificando as canles de venda e reforzando a relación directa entre produtores e consumidores.

Accións:

1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios e os días de celebración.
3. Facilitar postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, con capacitación e apoio aos vendedores.
6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores.
10. Apoiar desde a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores.
11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles.

2. Alimentación sostible e educación na comunidade escolar

Dirixida a mellorar a sustentabilidade dos comedores escolares e a incorporar a alimentación responsable nos procesos educativos.

Accións:

2. Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo.
4. Primar a cociña in situ fronte ao catering nos comedores escolares.
12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar.

3. Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios

Centrada na prevención, redistribución e aproveitamento dos alimentos, así como na mellora do coñecemento sobre as causas do desperdicio.

Accións:

5. Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios.
7. Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas.

4. Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente

Orientada a adaptar os espazos públicos vinculados á alimentación e a reforzar a súa función social, comercial, produtiva e ambiental.

Accións:

8. Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización.
9. Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra.

5. RECOMENDACIÓNS CIDADÁS

A continuación inclúense as fichas detalladas das accións propostas polo comité ao concello de Pontevedra.

NOTA:

As accións descritas e detalladas nas fichas teñen características, necesidades de implantación, actores implicados e prazos diferentes. Estas propostas serán remitidas ao Concello de Pontevedra para a súa análise e valoración da viabilidade. Corresponderalle a esta administración impulsar, coordinar, supervisar e realizar o seguimento da súa implementación, aínda que o desenvolvemento e execución dalgunhas das medidas poidan recaer noutras entidades ou colectivos.

ACCIÓNS E LIÑAS TEMÁTICAS			
As 12 accións identificadas polo Comité Cidadán polo Clima de Pontevedra agrupanse nestas catro liñas temáticas complementarias			
Nº	**Liña temática**	**Obxectivo xeral**	**Accións incluídas**
1	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**	Reforzar o acceso da cidadanía a produtos locais, de proximidade e de tempada, diversificando as canles de venda, reducindo intermediarios e consolidando relacións estables entre produtores e consumidores co apoio e coordinación municipal.	1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios e os días de celebración. 3. Facilitar postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, con capacitación e apoio aos vendedores. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. 10. Apoiar desde a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles.
2	**Alimentación sostible e educación na comunidade escolar**	Transformar a alimentación escolar mediante modelos de compra, elaboración e aprendizaxe que prioricen a saúde, a sustentabilidade, a proximidade e o coñecemento do sistema alimentario local.	2. Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo. 4. Primar a cociña in situ fronte ao catering nos comedores escolares. 12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar.
3	**Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios**	Reducir o desperdicio alimentario en toda a cadea, xerando coñecemento sobre as súas causas e articulando solucións locais para previr, redistribuír e aproveitar os excedentes.	5. Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios. 7. Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas.
4	**Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente**	Adaptar e ampliar os espazos públicos vinculados á alimentación para favorecer a produción comunitaria, a inclusión social, a dinamización comercial e a resiliencia climática do municipio.	8. Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización. 9. Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra.

Nº	Acción	Liña temática
1	**Levar o mercado "fora do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración**	Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo
2	**Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo**	Alimentación sostible e educación na comunidade escolar
3	**Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, acompañada dun programa de capacitación e apoio aos vendedores**	Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo
4	**Primar cociña in situ fronte a catering nos comedores escolares**	Alimentación sostible e educación na comunidade escolar
5	**Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios**	Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios
6	**Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores**	Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo
7	**Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas**	Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios
8	**Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización**	Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente
9	**Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra**	Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente
10	**Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores**	Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo
11	**Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles**	Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo
12	**Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar**	Alimentación sostible e educación na comunidade escolar

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**1. Levar o mercado "fora do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración**
Descrición da acción	Crear unha rede de pequenos mercados ou puntos de venda de produto fresco, local, de tempada e de proximidade distribuídos por diferentes barrios de Pontevedra, co obxectivo de achegar estes alimentos á cidadanía e reducir a dependencia da Praza de Abastos como único espazo de comercialización. A localización destes puntos debería responder a unha análise previa da demanda e situarse en zonas con elevada afluencia de persoas ou próximas a áreas comerciais, aproveitando os hábitos actuais de compra da poboación. Ademais, proponse que nos futuros desenvolvementos urbanísticos se reserven espazos para este tipo de equipamentos, do mesmo xeito que se planifican outros servizos públicos.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello	Planificación urbanística, cesión ou adecuación de espazos, coordinación da iniciativa e apoio económico ou fiscal cando proceda.
Asociacións de productores	Coordinación da oferta, organización dos produtores e dinamización da iniciativa.
Produtores locais	Comercialización directa dos produtos e participación na xestión dos puntos de venda.
Cidadanía	Consumo dos produtos

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Orzamento	Adecuación ou construción de instalacións cubertas. Equipamento básico para a venda. Accións de comunicación e promoción.
Información e datos	Estudo previo da demanda e dos hábitos de compra. Identificación das zonas con maior potencial. Censo de produtores interesados e capacidade de subministración.
Infraestructuras	Espazos accesibles, modernos e adaptados á normativa sanitaria. Reserva de espazos nos novos desenvolvementos urbanísticos

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Realizar un estudo de demanda e identificar os barrios prioritarios. 2. Seleccionar localizacións piloto en zonas con fluxo de persoas. 3. Adecuar os espazos garantindo as condicións sanitarias. 4. Poñer en marcha unha experiencia piloto. 5. Avaliar os resultados antes da ampliación da rede.
Horizonte temporal	Medio prazo, iniciando experiencias piloto a curto prazo.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de novos puntos de venda creados. - Número de produtores participantes. - Número de días de mercado por semana ou mes. - Grao de satisfacción de produtores e consumidores.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non. Trátase dunha acción que pode desenvolverse de forma independente, aínda que o seu impacto sería maior se se implementa de maneira coordinada con outras iniciativas destinadas a reforzar a produción local, a comercialización e a sensibilización da cidadanía.
Accións relacionadas / observacións	2. Favorecer a incorporación de produto de proximidade nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo. A ampliación dos puntos de venda contribúe a fortalecer a estrutura produtiva local e a consolidar provedores que tamén poderían abastecer aos comedores escolares 3. Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos e da Alameda, acompañada dun programa de capacitación e apoio aos vendedores. Ambas accións buscan ampliar e diversificar os espazos de comercialización do produto de proximidade. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. Estas actividades poden desenvolverse nos novos puntos de venda, aumentando a súa capacidade de atracción e favorecendo o coñecemento dos produtos locais. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. Os mercados de barrio constitúen espazos idóneos para fortalecer a relación directa entre quen produce e quen consume. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles. Os novos puntos de venda poden funcionar tamén como lugares de recollida e distribución destas caixas. 13. Instalar calendarios de froitas e verduras de tempada nos equipamentos e locais municipais. Esta acción reforza a sensibilización da cidadanía sobre o consumo de tempada, favorecendo a demanda dos produtos comercializados nestes mercados. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello. O directorio facilitaría a difusión dos produtores participantes e a localización dos distintos puntos de venda por parte da cidadanía.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Alimentación sostible e educación na comunidade escolar**


1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**2. Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo**
Descrición da acción	Favorecer a incorporación progresiva de produtos de proximidade nos comedores escolares mediante a revisión do modelo actual de abastecemento e a colaboración entre as administracións competentes, as empresas provedoras, as ANPAs e os produtores. Durante o debate do Comité considerouse necesario ampliar o concepto inicial de produto local cara a produto de proximidade ou produto galego, recoñecendo que a produción estritamente local pode resultar insuficiente para abastecer de forma continuada aos comedores escolares. A proposta non se limita á compra de alimentos, senón que aposta por revisar o actual sistema de contratación e xestión dos comedores, incorporando criterios de proximidade, sustentabilidade, calidade nutricional e apoio á produción local. A medio prazo, tamén se plantexa estudar modelos alternativos de xestión que faciliten unha maior coordinación entre produtores e centros educativos.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Impulsar a iniciativa, promover acordos e coordinar actuacións no ámbito municipal.
Xunta de Galicia (Educación)	Revisar o modelo de contratación e incorporar criterios de proximidade na prestación do servizo, financiación
Centros educativos	Participar na implantación das medidas e adaptar os menús cando sexa posible.
ANPAs e FANPA	Representar ás familias, promover a demanda social e colaborar na revisión do modelo.
Empresas de catering	Adaptar os procesos de compra e incorporar produto de proximidade nos menús.
Produtores de proximidade	Subministrar produtos e colaborar na planificación da oferta.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Organización	Revisión do modelo actual de xestión dos comedores escolares e coordinación entre administracións, centros educativos, empresas e produtores.
Recursos económicos	Posibles incentivos ou adaptación dos contratos para favorecer a incorporación de produto de proximidade.
Información	Relación actualizada de produtores e produtos de proximidade dispoñibles, garantindo capacidade de subministración e cumprimento dos requisitos sanitarios.
Marco administrativo	Vontade política e adaptación dos procedementos de contratación para incorporar criterios de sustentabilidade e proximidade.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Analizar o funcionamento actual do servizo de comedor escolar e identificar as principais limitacións. 2. Redefinir o concepto de abastecemento cara ao produto de proximidade. 3. Revisar os contratos e criterios de compra existentes. 4. Implicar ás administracións competentes, ás empresas provedoras e ás AMPAs. 5. Desenvolver unha experiencia piloto nun número reducido de centros educativos antes dunha implantación progresiva.
Horizonte temporal	Curto - medio prazo, iniciando a revisión do modelo e desenvolvendo experiencias piloto antes dunha implantación máis ampla.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de centros escolares participantes. - Porcentaxe de produto de proximidade incorporado aos menús. - Número de acordos con provedores locais ou galegos.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non directamente, aínda que a súa implementación veríase reforzada polo desenvolvemento doutras accións orientadas a fortalecer a produción local, mellorar os circuítos de comercialización e achegar a cidadanía aos produtores de proximidade.
Accións relacionadas / observacións	6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores, favorecendo que o alumnado e as familias coñezan a orixe dos alimentos e o traballo dos produtores locais. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores, facilitando canles estables de colaboración que tamén poidan abastecer aos comedores escolares. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles, reforzando a demanda de produto de proximidade e a viabilidade económica dos produtores. 13. Instalar calendarios de froitas e verduras de tempada nos equipamentos e locais municipais, como ferramenta de educación alimentaria que pode empregarse tamén nos centros educativos. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello, facilitando a identificación de provedores de proximidade para os servizos de comedor. A implantación desta acción require coordinación entre Concello, Xunta de Galicia, centros educativos, AMPAs e empresas de catering, así como a revisión dos criterios de contratación pública para incorporar aspectos relacionados coa proximidade, a sustentabilidade e a estacionalidade dos alimentos.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**


1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**3. Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, acompañada dun programa de capacitación e apoio aos vendedores**
Descrición da acción	O obxectivo é dinamizar o mercado e a súa contorna (Rúa Serra, Rúa César Boente, Praza da Pedreira) creando sinerxías entre os postos interiores, a venda ambulante e pequenos locais actualmente pechados ou infrautilizados. A proposta parte da idea de que o Mercado de Abastos, tal como funciona actualmente, ten un futuro limitado se non se abre e se conecta mellor coa cidade.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL		
Actor / entidade / colectivo		**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra		Liderar a coordinación da iniciativa, habilitar espazos, tramitar autorizacións, impulsar a programación anual e promover a dinamización da contorna do Mercado.
Comerciantes / Vendedores do Mercado	Sinerxia 1 Vendedores	Coordinación da oferta comercial
Feirantes / Vendedores ambulantes		
Comercio local		
Pequenos productores locais e de proximidade	Sinerxia 2 Productoras	Subministración de produto fresco e de tempada adaptado á demanda.
Administracións (Concello, Deputación, Xunta)	Sinerxia 3 Financiación e promoción	Financiación dos actores das sinerxias 1 e 2
Empresas privadas (Distribuidoras)		

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Coordinación institucional	Coordinación estable entre Concello, Deputación, Xunta e os distintos actores implicados.
Financiamento	Recursos para acondicionar espazos, desenvolver accións de dinamización e apoiar o programa de capacitación.
Infraestruturas	Recuperación de locais pechados ou infrautilizados e habilitación de espazos para venda ambulante.
Marco normativo	Adaptación da normativa municipal para facilitar a venda ambulante cumprindo os requisitos legais e sanitarios.
Capacitación	Programa de formación e asesoramento para vendedores ambulantes e produtores participantes.
Diagnóstico previo	Estudo comercial e análise da situación actual do Mercado de Abastos e da súa contorna para definir as actuacións prioritarias.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Delimitar a contorna de actuación arredor do Mercado de Abastos. 2. Identificar locais pechados ou infrautilizados nas rúas próximas. 3. Analizar a posibilidade de recuperar ou activar eses locais para usos vinculados ao produto local. 4. Facilitar a presenza de venda ambulante de produto local nesa contorna. 5. Coordinar os tres grupos principais: postos do mercado, vendedores ambulantes e pequenos comercios ou locais recuperados. 6. Activar a coordinación entre Concello, Deputación e Xunta. 7. Desenvolver unha revisión sectorial ou diagnóstico inicial. 8. Implantar unha experiencia piloto ou primeira fase. 9. Realizar unha revisión anual e unha auditoría externa para avaliar resultados.
Horizonte temporal	Anual. Revisión, análise e viabilidade
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de postos ambulantes autorizados. - Número de locais reactivados na contorna. - Número de vendedores ou comerciantes participantes. - Número de accións de capacitación realizadas.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non directamente. Constitúe unha acción complementaria ás iniciativas orientadas a reforzar a comercialización do produto local e a revitalización do Mercado de Abastos, incrementando o seu impacto cando se desenvolven de forma coordinada.
Accións relacionadas / observacións	1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración. Ambas accións perseguen diversificar os espazos de comercialización do produto de proximidade. Mentres a Acción 1 descentraliza a oferta cara aos barrios, esta proposta céntrase en revitalizar o Mercado de Abastos e a súa contorna inmediata. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. Estas actividades poden desenvolverse na contorna do Mercado para incrementar a afluencia de público e dinamizar o espazo comercial. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. Os postos ambulantes favorecen a venda directa e fortalecen a relación entre quen produce e quen consume. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles. O Mercado e os postos ambulantes poden actuar como puntos de distribución e recollida destas iniciativas. 13. Instalar calendarios de froitas e verduras de tempada nos equipamentos e locais municipais. Complementa a acción mediante campañas de sensibilización sobre consumo de tempada. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello. Facilita a difusión dos produtores participantes e mellora a visibilidade da oferta existente. Durante o debate do Comité destacouse que esta acción non debe limitarse á autorización de novos postos de venda ambulante, senón integrarse nunha estratexia máis ampla de revitalización do Mercado de Abastos, baseada na creación de sinerxías entre os postos existentes, os vendedores ambulantes, os pequenos produtores e a recuperación de locais comerciais actualmente infrautilizados. Tamén se propuxo iniciar a actuación cun diagnóstico previo e unha experiencia piloto, acompañados dunha avaliación anual dos resultados.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Alimentación sostible e educación na comunidade escolar**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**4. Primar cociña in situ fronte a catering nos comedores escolares**
Descrición da acción	A proposta busca favorecer a recuperación da cociña elaborada nos propios centros educativos fronte ao modelo de catering externo, promovendo un sistema alimentario máis saudable, sostible e vinculado ao territorio.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
ANPAs e FANPA	Sensibilizar ás familias, promover a demanda social e participar no grupo de traballo.
Centros educativos	Desenvolver os proxectos piloto e servir de referencia para futuras implantacións.
Concello de Pontevedra	Apoiar a coordinación da iniciativa, facilitar recursos e colaborar na procura de financiamento.
Xunta de Galicia (Administración educativa)	Adaptar o marco organizativo e impulsar cambios no modelo de comedor escolar.
Universidade e persoas expertas en alimentación sostible	Achegar coñecemento técnico, analizar experiencias existentes e elaborar recomendacións.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Grupo motor	Creación dun grupo de traballo formado por familias, profesorado, persoas expertas e administracións que lidere o proceso.
Investigación	Analizar por que desapareceu a cociña in situ e estudar escolas que manteñen este modelo ("front runners"), identificando boas prácticas e modelos de éxito.
Sensibilización	Desenvolver campañas, eventos e accións divulgativas dirixidas á comunidade educativa sobre os beneficios dunha alimentación local, ecolóxica e sostible.
Documento guía	Elaborar unha guía práctica que defina os principios dunha cociña escolar sostible, saudable e baseada en produto de proximidade.
Financiamento	Buscar recursos económicos para o funcionamento do grupo de traballo e para desenvolver proxectos piloto, explorando financiamento municipal, autonómico e europeo.
Centros piloto	Identificar escolas con capacidade para implantar inicialmente o modelo e avaliar a súa viabilidade.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Crear un grupo de traballo coa participación de AMPAs, profesorado, administracións e persoas expertas. 2. Identificar escolas que manteñen este modelo e estudar as súas boas prácticas. 3. Elaborar unha guía de referencia para a implantación dunha cociña escolar sostible. 4. Desenvolver accións de sensibilización na comunidade educativa. 5. Procurar financiamento para a iniciativa. 6. Seleccionar un ou dous centros educativos para desenvolver un proxecto piloto. 7. Avaliar os resultados e valorar a extensión progresiva do modelo.
Horizonte temporal	Longo prazo, iniciando unha fase preparatoria de estudo e sensibilización, seguida da posta en marcha de proxectos piloto (entre 6 meses e 2 anos).
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de centros interesados en participar. - Número de escolas piloto postas en marcha. - Número de estudantes beneficiados.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Si. A súa implementación está estreitamente relacionada co desenvolvemento doutras accións orientadas á transformación do modelo de alimentación escolar e á educación para un consumo máis sostible.
Accións relacionadas / observacións	2. Favorecer a incorporación de produto de proximidade nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo. Ambas accións buscan transformar o modelo de alimentación escolar. Mentres a Acción 2 pretende incrementar a presenza de produto de proximidade nos menús, esta proposta aposta por recuperar a cociña in situ, facilitando a elaboración de menús máis adaptados aos produtos locais, de tempada e ás necesidades do alumnado. 12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar. Ambas accións son complementarias e reforzan mutuamente o seu impacto. A recuperación da cociña in situ constitúe unha oportunidade para integrar actividades de educación alimentaria, promover hábitos de consumo responsables e achegar ao alumnado ao coñecemento da orixe dos alimentos, da estacionalidade e dos beneficios dunha alimentación saudable e sostible. Durante o debate destacouse que esta acción require unha implantación progresiva, iniciándose coa creación dun grupo de traballo, a análise de experiencias existentes, a elaboración dunha guía de boas prácticas e o desenvolvemento dun proxecto piloto nun ou dous centros educativos. O Comité tamén sinalou a conveniencia de buscar financiamento específico (municipal ou europeo) e de utilizar os resultados do proxecto piloto como modelo para a súa posible extensión a outros centros escolares.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios**


1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**5. Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios**
Descrición da acción	A proposta ten como obxectivo reducir o desperdicio alimentario mediante a creación dunha rede local de colaboración entre administracións, comercios, supermercados, fruterías, Mercado de Abastos, hostalaría, entidades sociais e cidadanía para facilitar o aproveitamento dos excedentes alimentarios. Durante o debate, a proposta evolucionou desde a creación dunha aplicación informática cara a un modelo máis amplo, que combine ferramentas dixitais, espazos físicos para a doazón ou venda de produtos próximos ao final da súa vida útil e accións de sensibilización sobre consumo responsable. Tamén se destacou a necesidade de actuar sobre o desperdicio que se produce nos fogares, promovendo hábitos de compra máis responsables e o aproveitamento dos alimentos.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Liderar a coordinación da rede, impulsar convenios de colaboración, facilitar recursos e promover campañas de sensibilización.
Mercado de Abastos	Participar na identificación e distribución de excedentes alimentarios.
Supermercados, fruterías e pequeno comercio	Poñer a disposición produtos aptos para o consumo que non se van comercializar e habilitar espazos específicos para a súa venda ou doazón.
Hostalaría e restauración	Participar na rede de aproveitamento dos excedentes e colaborar na redución do desperdicio alimentario.
Produtores locais	Achegar excedentes de produción cando sexa posible e colaborar na iniciativa.
Entidades sociais, asociacións e organizacións comunitarias	Distribuír alimentos entre colectivos que os precisen e colaborar nas accións de sensibilización.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Ferramenta de comunicación	Desenvolver unha aplicación ou plataforma que facilite a información sobre excedentes dispoñibles.
Rede de colaboración	Establecer acordos entre administracións, comercios, produtores, hostalaría e entidades sociais.
Espazos físicos	Habilitar zonas específicas nos establecementos para produtos próximos ao final da súa vida útil destinados á venda con desconto ou á doazón.
Formación e sensibilización	Organizar charlas, campañas e actividades sobre planificación da compra, aproveitamento alimentario e redución do desperdicio nos fogares.
Seguridade alimentaria	Garantir o cumprimento da normativa sanitaria durante todo o proceso de recollida, distribución e consumo dos alimentos.
Coordinación municipal	Apoio institucional para dinamizar a iniciativa e facilitar a participación dos distintos actores.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Crear unha rede local de entidades colaboradoras. 2. Identificar os establecementos interesados en participar. 3. Analizar ferramentas dixitais xa existentes e valorar a súa adaptación ao contexto local. 4. Habilitar espazos específicos para produtos aproveitables nos establecementos participantes. 5. Desenvolver campañas de sensibilización sobre desperdicio alimentario e consumo responsable. 6. Implicar ás entidades sociais na distribución dos excedentes cando proceda. 7. Avaliar os resultados da experiencia e ampliar progresivamente a rede.
Horizonte temporal	Curto - medio prazo, iniciando unha experiencia piloto que poida ampliarse progresivamente.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de establecementos adheridos á rede. - Número de entidades colaboradoras. - Cantidade estimada de alimentos recuperados. - Número de accións formativas realizadas.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non directamente, aínda que a súa eficacia aumenta se se desenvolve de maneira coordinada con outras accións orientadas á produción, comercialización e consumo responsable de alimentos.
Accións relacionadas / observacións	1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración. A ampliación dos espazos de comercialización pode facilitar a saída de produtos próximos ao final da súa vida útil e reducir o desperdicio alimentario. 3. Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos. A revitalización do Mercado pode incorporar iniciativas específicas para o aproveitamento dos excedentes xerados polos distintos operadores. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. Estas actividades permiten sensibilizar sobre o valor dos alimentos e fomentar o aproveitamento integral dos produtos. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. Favorece a creación de canles curtas de comercialización que reducen perdas ao longo da cadea alimentaria. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles. Os excedentes alimentarios poderían incorporarse, cando sexa posible, a iniciativas deste tipo, reducindo o desperdicio e mellorando o acceso da cidadanía a alimentos de calidade. 12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar. Complementa a acción mediante actividades educativas orientadas á prevención do desperdicio alimentario desde idades temperás. Durante o taller destacouse que a solución non debe limitarse á creación dunha aplicación informática. O Comité apostou por unha estratexia integral baseada na colaboración entre os diferentes actores da cadea alimentaria, combinando ferramentas dixitais, espazos físicos para a venda ou doazón de alimentos, campañas de sensibilización e formación cidadá sobre consumo responsable e aproveitamento alimentario. Esta visión permite actuar tanto sobre os excedentes xerados polos establecementos comerciais como sobre o desperdicio producido nos fogares.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores**
Descrición da acción	A proposta pretende crear unha programación estable de actividades que favorezan o encontro directo entre produtores e consumidores, fortalecendo o coñecemento mutuo, a confianza e a creación de relacións estables arredor do consumo de produtos locais. A iniciativa contempla a organización de rutas, visitas a explotacións, degustacións, catas e outros eventos que permitan coñecer de primeira man os procesos de produción, os produtos locais e as persoas que os elaboran. O obxectivo final é fortalecer as redes curtas de comercialización e promover un consumo máis informado e responsable.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Facilitar financiamento, apoio técnico, difusión e coordinación institucional.
Asociacións de consumidores e asociacións veciñais	Mobilizar participantes e colaborar na organización das actividades.
Cooperativas ou produtores locais	Organizar visitas, presentar os seus produtos e compartir os procesos de produción.
Cidadanía	Participar nas actividades e fortalecer o consumo responsable.
Centros educativos	Incorporar actividades educativas relacionadas coa alimentación local e sostible.
Empresas e entidades colaboradoras	Apoiar a organización e o desenvolvemento das actividades.
Mercado de Abastos e outros espazos alimentarios	Acoller parte das actividades, degustacións e encontros entre produtores e consumidores.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Orzamento	Financiamento inicial para desenvolver o proxecto piloto.
Espazos	Mercados, prazas, centros sociais, cociñas, granxas, viñedos e outros lugares adecuados para a celebración das actividades.
Coordinación	Entidade responsable da planificación, coordinación e seguimento do proxecto.
Directorio de produtores	Elaboración dun mapa ou directorio actualizado de produtores locais participantes.
Transporte e loxística	Organización dos desprazamentos ás explotacións e coordinación das visitas.
Comunicación	Difusión das actividades, inscricións e captación de participantes.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Crear un grupo promotor ou entidade responsable da iniciativa. 2. Elaborar un directorio de produtores e espazos participantes. 3. Contactar con produtores, empresas e entidades colaboradoras. 4. Deseñar unha programación piloto de doce meses. 5. Organizar a difusión e abrir o proceso de inscrición ás actividades. 6. Desenvolver o programa piloto e realizar unha avaliación final.
Horizonte temporal	12 meses (proxecto piloto). 12 actividades anuais, combinando 8 eventos na cidade e 4 visitas a explotacións ou fincas produtoras.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número e tipo de actividades organizadas. - Número de produtores participantes. - Número de persoas asistentes.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Si. A proposta está estreitamente relacionada co fortalecemento das canles curtas de comercialización e coa visibilización dos produtores locais. A súa implementación veríase facilitada pola existencia dun directorio de produtores e dunha rede estable de comercialización.
Accións relacionadas / observacións	1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración. Os novos puntos de venda poden converterse en espazos para desenvolver degustacións, catas e actividades de encontro entre produtores e consumidores. 3. Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos. As actividades propostas poden contribuír á dinamización do Mercado e da súa contorna, incrementando a visibilidade dos produtores participantes. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. Constitúe a acción máis directamente relacionada, xa que ambas perseguen fortalecer a relación directa entre quen produce e quen consume. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles. Os encontros e visitas poden servir para dar a coñecer esta modalidade de comercialización e captar novas persoas consumidoras. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello. O Comité identificou esta acción como un requisito previo moi útil para localizar produtores participantes, organizar as actividades e facilitar a conexión coa cidadanía.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Prevención do desperdicio e aproveitamento dos excedentes alimentarios**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**7. Analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario para identificar medidas de mellora e difundir boas prácticas**
Descrición da acción	A proposta estrutúrase en tres fases complementarias: analizar as prácticas actuais de desperdicio alimentario, identificar medidas de mellora adaptadas á realidade local e difundir boas prácticas entre os distintos actores da cadea alimentaria. O obxectivo é coñecer con precisión onde, como, por que e quen xera desperdicio alimentario no municipio de Pontevedra ao longo de toda a cadea alimentaria (produción, distribución, comercio, hostalaría, comedores, fogares e consumo). A partir deste diagnóstico, preténdese identificar aquelas actuacións que poden impulsarse desde o Concello e promover cambios tanto nas organizacións como na cidadanía.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Licitar o estudo, coordinar o proceso e facilitar o acceso á información municipal.
Bancos de alimentos e entidades sociais	Achegar experiencia sobre recuperación e redistribución de alimentos.
Hostalaría (hoteis, restaurantes e cafeterías)	Facilitar información sobre compras, preparación, consumo e desperdicio alimentario.
Supermercados e pequeno comercio	Achegar datos sobre perdas, excedentes e prácticas de xestión do desperdicio.
Mercado de Abastos	Analizar o funcionamento do comercio local e participar na identificación de solucións.
Produtores locais	Achegar información sobre perdas na produción e distribución.
Cidadanía	Participar mediante enquisas e entrevistas sobre hábitos de compra e consumo.
Equipo investigador ou consultora	Deseñar a metodoloxía, realizar o estudo e formular recomendacións.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Financiamento	Contratación mediante licitación pública dun equipo técnico especializado.
Datos existentes	Revisión de estudos previos (Ministerio, Eurostat, Xunta e outras fontes).
Metodoloxía	Deseño dunha metodoloxía común para todos os sectores analizados.
Traballo de campo	Enquisas, entrevistas, visitas e recollida de información directa.
Colaboración dos actores	Implicación de administracións, empresas, produtores e cidadanía para facilitar información.
Capacidade técnica	Análise estatística e interpretación dos resultados.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Definir o alcance do estudo e elaborar os pregos da licitación. 2. Revisar a información e os estudos existentes. 3. Identificar os sectores e actores que participarán na investigación. 4. Desenvolver o traballo de campo mediante enquisas, entrevistas e visitas. 5. Analizar os resultados e identificar os principais focos de desperdicio. 6. Elaborar propostas de mellora para o Concello. 7. Difundir boas prácticas entre os distintos colectivos.
Horizonte temporal	12 meses. Dende o comezo do estudo ata obter as conclusións finais
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de entrevistas e enquisas realizadas. - Número de sectores analizados. - Número de medidas de mellora propostas.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non necesariamente. Constitúe unha acción transversal que proporciona coñecemento para orientar e mellorar o resto das accións relacionadas coa prevención do desperdicio alimentario.
Accións relacionadas / observacións	5. Promover iniciativas e ferramentas para o aproveitamento dos excedentes alimentarios, identificando en que puntos da cadea alimentaria se producen máis perdas e que solucións resultan máis eficaces. 11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles, permitindo aproveitar produtos que, sen cumprir determinados criterios comerciais ou por exceso de oferta, poderían incorporarse a estas canles de distribución. 13. Instalar calendarios de froitas e verduras de tempada nos equipamentos e locais municipais, empregando os resultados do estudo para fomentar un consumo máis planificado e reducir o desperdicio asociado á compra de produtos fóra de tempada. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello, facilitando a conexión entre produtores, comercios e consumidores e fortalecendo circuítos curtos que poden contribuír a diminuír perdas alimentarias. O Comité destacou que este diagnóstico debe responder a preguntas clave sobre onde se produce o desperdicio, cales son as súas causas e que medidas poden adoptarse desde o ámbito municipal, servindo como base para deseñar actuacións máis eficaces nas restantes propostas relacionadas coa alimentación sostible.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**8. Mellorar as infraestruturas e condicións do Mercado de Abastos para a súa dinamización**
Descrición da acción	A proposta pretende converter o Mercado de Abastos nun espazo de referencia para a alimentación sostible, a adaptación ao cambio climático e a dinamización comercial, impulsando un modelo de "cidade esponxa" que mellore tanto as condicións ambientais do edificio como a experiencia das persoas usuarias. Entre as actuacións propostas inclúense a instalación de cubertas vexetais, paneis solares, xardíns verticais e outras solucións baseadas na natureza que permitan reducir a temperatura, mellorar a eficiencia enerxética e aumentar o confort climático. Tamén se propón a renaturalización da explanada exterior, tomando como referencia outras experiencias exitosas. A acción contempla ademais melloras no funcionamento diario do mercado, como a posta en valor das consignas climatizadas existentes, a mellora da limpeza e da xestión dos residuos, a redución dos olores mediante infraestrutura vexetal, así como a creación de novas iniciativas de dinamización gastronómica, entre elas un menú diario elaborado cos produtos frescos dispoñibles no mercado e o reforzo das actividades de show cooking.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Liderar e impulsar a actuación, coordinar as distintas áreas municipais (urbanismo, comercio, medio ambiente, transición ecolóxica e obras) e promover o investimento necesario.
Comerciantes e postos do Mercado de Abastos	Participar na definición das melloras e colaborar na dinamización comercial e gastronómica do mercado.
Cidadanía	Utilizar os novos espazos, participar nas actividades propostas e contribuír á avaliación das actuacións realizadas.
Universidade de Vigo	Realizar o seguimento científico das actuacións e avaliar os beneficios ambientais das solucións implantadas.
Restaurante e espazo gastronómico do mercado	Desenvolver iniciativas como o menú diario de pizarra e actividades de divulgación gastronómica baseadas no produto fresco do mercado.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Estudo técnico municipal	Avaliar a viabilidade das actuacións propostas e a adaptación do edificio ao modelo de cidade esponxa.
Investimento en infraestrutura sostible	Financiamento para cubertas vexetais, paneis solares, drenaxe sostible, renaturalización e infraestrutura verde.
Recursos técnicos municipais	Coordinación entre os distintos servizos municipais implicados e dirección técnica das actuacións.
Mantemento	Recursos para garantir o correcto funcionamento das instalacións e das novas infraestruturas implantadas.
Financiamento externo	Posibilidade de acceder a programas europeos (FEDER, LIFE, Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ou outras convocatorias).

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Elaborar un estudo técnico sobre o potencial de transformación do Mercado de Abastos. 2. Revisar o funcionamento das instalacións existentes (consignas climatizadas, servizos e equipamento). 3. Definir un proxecto integral de mellora ambiental e funcional. 4. Priorizar as actuacións segundo o seu impacto e viabilidade. 5. Executar unha primeira fase de actuacións. 6. Desenvolver unha programación estable de dinamización gastronómica e comercial. 7. Realizar un seguimento técnico e ambiental das melloras implantadas.
Horizonte temporal	Curto - medio prazo (6-12 meses para a planificación e inicio das actuacións; execución progresiva segundo dispoñibilidade orzamentaria).
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de actuacións executadas. - Superficie renaturalizada. - Número de actividades gastronómicas organizadas.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Si. Algunhas actuacións estruturais requiren previamente estudos técnicos e planificación municipal. Ademais, a proposta compleméntase con outras accións orientadas á dinamización do Mercado de Abastos e á promoción do produto local.
Accións relacionadas / observacións	1. Levar o mercado "fóra do mercado", ampliando os puntos de venda en diferentes barrios de Pontevedra e os días de celebración, reforzando o Mercado de Abastos como nodo principal dunha rede máis ampla de comercialización. 3. Facilitar a presenza de postos de venda ambulante de produto local na contorna do Mercado de Abastos, dinamizando tanto o edificio como o espazo público que o rodea. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores, aproveitando as novas infraestruturas e os espazos renovados para desenvolver programación estable. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores, consolidando o Mercado como espazo de encontro arredor do produto local. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello, facilitando a difusión da oferta comercial e gastronómica do mercado. Durante o taller sinalouse que esta proposta debería aliñarse co Plan Municipal de Infraestrutura Verde e Adaptación Climática, incorporando solucións baseadas na natureza e aproveitando oportunidades de financiamento europeo para a súa execución.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Espazos e infraestruturas para un sistema alimentario local resiliente**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**9. Reformular e ampliar a rede de hortas urbanas públicas en diferentes barrios de Pontevedra**
Descrición da acción	A proposta reformula o modelo actual de hortas urbanas municipais para evolucionar cara a unha rede de hortas comunitarias, baseada na colaboración entre persoas con diferentes capacidades, dispoñibilidade e coñecementos. O obxectivo é favorecer a inclusión social, a convivencia, a educación ambiental e a produción de alimentos para autoconsumo mediante espazos compartidos onde o traballo e os beneficios sexan colectivos. Este modelo permitiría que persoas maiores, familias, mocidade ou persoas con diferentes capacidades poidan participar segundo as súas posibilidades, repartindo as tarefas de rega, mantemento, cultivo ou organización. A proposta inclúe tamén a creación dunha figura de acompañamento técnico —unha especie de "mestre/a de hortas"— que asesore ás persoas usuarias, resolva dúbidas e impulse actividades formativas.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra (Benestar Social, Educación, Igualdade e Medio Ambiente)	Achegar os terreos, os recursos económicos e coordinar o desenvolvemento do programa.
Asociacións veciñais, comunidades de montes e centros sociais	Difundir a iniciativa, captar participantes e colaborar na organización das hortas comunitarias.
Cidadanía	Participar no deseño, cultivo, mantemento e xestión compartida das hortas.
Mestre/a de hortas ou persoal técnico especializado	Prestar asesoramento técnico, organizar formacións e acompañar ás persoas participantes na resolución de dúbidas sobre cultivo, pragas ou mantemento.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Espazos ou terreos	Identificar parcelas accesibles en distintos barrios da cidade.
Recursos materiais	Ferramentas compartidas, sistemas de rega, casetas de almacenamento e material de cultivo.
Coordinación municipal	Organización do programa, xestión das persoas participantes e mantemento das instalacións.
Figura técnica	Creación dun servizo de acompañamento ("mestre/a de hortas") para asesoramento continuo.
Financiamento	Recursos para a posta en marcha e mantemento das hortas comunitarias.
Regulamento	Elaboración dun modelo de funcionamento, reparto de responsabilidades e normas de uso compartido.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Localizar os terreos municipais dispoñibles con potencial para albergar novas hortas. 2. Revisar o funcionamento das hortas existentes e identificar oportunidades de mellora. 3. Definir un novo modelo de horta comunitaria e o seu regulamento. 4. Crear a figura do "mestre/a de hortas". 5. Organizar sesións informativas nos barrios para captar persoas participantes. 6. Poñer en marcha unha experiencia piloto antes da ampliación da rede.
Horizonte temporal	Curto prazo para o deseño e selección dos espazos (6 meses) e implantación progresiva das novas hortas ao longo do ano seguinte.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de hortas comunitarias creadas. - Número de barrios incorporados á rede. - Número de persoas participantes.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non necesariamente, aínda que pode desenvolverse de maneira coordinada con outras iniciativas relacionadas coa alimentación sostible e a produción local.
Accións relacionadas / observacións	A elaboración e difusión de información sobre produtos de tempada, favorecendo que as persoas participantes coñezan os ciclos de produción e consuman alimentos de proximidade. A integración de persoas con diferentes capacidades, idades e dispoñibilidade, promovendo un modelo de traballo comunitario no que cada persoa poida contribuír segundo as súas posibilidades. A integración de persoas con diferentes capacidades, idades e dispoñibilidade, promovendo un modelo de traballo comunitario no que cada persoa poida contribuír segundo as súas posibilidades. Esta complementariedade reforza o carácter social, educativo e comunitario da proposta, máis alá da produción para autoconsumo.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores**
Descrición da acción	A proposta pretende crear unha estrutura municipal que facilite e dea continuidade ás experiencias de encontro directo entre produtores e consumidores locais. Máis que crear inicialmente unha nova oficina, proponse identificar primeiro as necesidades existentes e establecer un espazo permanente de coordinación entre os distintos actores implicados. A idea evolucionou durante o taller cara á creación dun comité ou grupo de coordinación, liderado ou facilitado polo Concello, que reúna periodicamente a produtores, asociacións, entidades e outros axentes do territorio para identificar barreiras, coordinar iniciativas e definir a mellor fórmula organizativa. Este grupo permitiría valorar se é necesario crear unha oficina específica ou se esta función pode integrarse nun servizo municipal xa existente, actuando como punto de referencia para impulsar experiencias de comercialización de proximidade, actividades divulgativas e colaboración entre produtores e consumidores.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra	Coordinar e facilitar as condicións para o desenvolvemento da iniciativa, proporcionando espazos, comunicación, apoio loxístico e coordinación administrativa. Identificar o punto de referencia municipal e impulsar o grupo de coordinación.
Produtores locais	Participar nas experiencias, propoñer iniciativas vinculadas á súa actividade, expoñer necesidades e colaborar na definición das accións.
Asociacións veciñais, grupos de consumo e entidades territoriais	Colaborar na difusión, organización das actividades e conexión entre produtores e cidadanía.
Centros educativos	Participar en actividades de educación alimentaria e achegar alumnado ás experiencias de consumo de proximidade.
Cidadanía	Participar activamente nas actividades e contribuír á consolidación das redes de consumo de proximidade.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Recursos institucionais	Coordinación entre as distintas áreas municipais e creación dun punto de referencia para canalizar as iniciativas.
Recursos humanos	Persoa responsable da coordinación, dinamización do comité e acompañamento aos distintos actores implicados.
Recursos económicos	Financiamento para actividades piloto, comunicación, organización de eventos e apoio loxístico.
Recursos de comunicación	Canles municipais para dar visibilidade ás iniciativas, facilitar as inscricións e difundir as actividades.
Información e coñecemento	Elaboración dun directorio ou base de datos de produtores locais, entidades e iniciativas vinculadas á alimentación sostible.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Crear un grupo de coordinación e identificar un punto de referencia municipal. 2. Realizar un mapeo de produtores, iniciativas e entidades relacionadas coa alimentación local e convocar unha primeira reunión de traballo para detectar necesidades, oportunidades e posibles colaboracións.
Horizonte temporal	Curto prazo (0–6 meses): creación do grupo de coordinación, mapeo de actores e definición da estrutura de apoio. Medio prazo (6–12 meses): posta en marcha dunha experiencia piloto e desenvolvemento das primeiras actividades entre produtores e consumidores.
Indicador sinxelo de seguimento	- Nº de produtores e entidades participantes - Nº de actividades organizadas entre produtores e consumidores.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Non depende pero está estreitamente relacionada coa acción 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. Esta acción (10) complementaría e axudaría a implementar a 6.
Accións relacionadas / observacións	Relaciónase directamente co Sistema de información sobre alimentación sostible, o Mercado fóra do Mercado, a venda ambulante de produtos locais, a organización de visitas, catas e encontros entre produtores e consumidores, as actividades educativas sobre alimentación local, o directorio de produtores e o calendario de produtos de tempada. O grupo de coordinación facilitaría a conexión entre todas estas iniciativas, evitando duplicidades e favorecendo a súa continuidade.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Circuítos curtos de comercialización e conexión entre produción e consumo**


1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**11. Promover a comercialización de caixas de produtos locais e de tempada a prezos accesibles**
Descrición da acción	A proposta pretende facilitar o acceso da cidadanía a alimentos locais e de tempada mediante un sistema de caixas ou pedidos directos entre produtores e consumidores, reducindo intermediarios e facendo máis accesibles os prezos. Durante o debate, a proposta evolucionou cara a un modelo máis flexible, no que os consumidores poidan adquirir tanto caixas familiares como cantidades maiores de determinados produtos de tempada. O sistema apoiaríase nunha plataforma dixital para realizar pedidos e en puntos de recollida distribuídos polo municipio, podendo utilizar o Mercado de Abastos como punto de referencia ou de entrega, pero non necesariamente como provedor. O obxectivo é favorecer o consumo de proximidade, apoiar aos produtores locais, reducir custos de comercialización e facilitar unha alimentación saudable baseada en produtos frescos e de tempada.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Produtores locais e de proximidade	Subministrar os produtos, organizar a oferta e participar no sistema de pedidos.
Cooperativas agrarias	Coordinar a oferta de varios produtores e facilitar a loxística.
Concello de Pontevedra	Apoiar a posta en marcha da iniciativa, facilitar espazos, coordinación e posibles puntos de recollida.
Mercado de Abastos	Actuar como punto de recollida ou distribución das caixas e contribuír á dinamización do mercado.
Pequeno comercio e froiterías	Participar como posibles puntos de entrega ou colaboradores da iniciativa.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Plataforma web ou aplicación	Desenvolver unha ferramenta sinxela para realizar pedidos e xestionar a oferta.
Sistema de xestión	Definir quen administrará e actualizará a plataforma dixital.
Sistema de transporte	Organizar o traslado dos produtos desde as explotacións ata os puntos de recollida.
Puntos de recollida	Dispoñer de espazos accesibles no Mercado de Abastos ou noutros barrios.
Espazos refrigerados	Instalar armarios ou consignas refrixeradas para conservar os produtos ata a súa recollida.
Coordinación entre produtores	Organizar a oferta conxunta e a planificación das entregas.
Comunicación e difusión	Dar a coñecer o servizo e facilitar a incorporación de novos usuarios.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Identificar produtores interesados 2. Deseñar unha plataforma piloto de pedidos 3. Iniciar unha campaña de difusión sobre os produtos locais e de tempada.
Horizonte temporal	Curto prazo (0–6 meses): deseño da plataforma, adhesión de produtores e habilitación dos primeiros puntos de recollida. Medio prazo (6–12 meses): funcionamento do sistema piloto e avaliación tras o primeiro ano.
Indicador sinxelo de seguimento	-Número de produtores adheridos. - Número de consumidores rexistrados. - Número de caixas ou pedidos realizados. - Número de puntos de recollida habilitados.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Si. A proposta depende das accións de información, promoción e conexión entre produtores e consumidores desenvolvidas na proposta.
Accións relacionadas / observacións	10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. Esta acción facilitaría a coordinación entre os distintos actores implicados, creando unha estrutura de apoio que permita identificar produtores interesados, organizar a oferta e establecer canles estables de colaboración necesarias para a comercialización das caixas. 12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar. O sistema serviría para difundir información sobre os produtos dispoñibles, os calendarios de tempada, os puntos de recollida e o funcionamento da plataforma de pedidos, facilitando que a cidadanía coñeza e utilice este servizo. 13. Instalar calendarios de froitas e verduras de tempada nos equipamentos e locais municipais. Esta acción contribuiría a incrementar a demanda das caixas mediante campañas de sensibilización sobre os beneficios do consumo de proximidade, dos alimentos de tempada e da compra directa aos produtores locais. 15. Crear un directorio de produtos e produtores locais accesible na web do Concello. O directorio permitiría identificar os produtores participantes, facilitar a súa incorporación á plataforma e ofrecer aos consumidores información actualizada sobre a procedencia dos produtos e as explotacións adheridas.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

FICHA DE ACCIÓN PROPOSTA · COMITÉ CIDADÁN POLO CLIMA

Liña Estratéxica	**Alimentación sostible e educación na comunidade escolar**

1. IDENTIFICACIÓN DA ACCIÓN	
Nome da acción	**12. Desenvolver programas de educación sobre alimentación e consumo sostible na comunidade escolar**
Descrición da acción	Definir un programa educativo estruturado para a comunidade escolar, centrado na relación entre hábitos alimentarios, consumo sostible e mellora ambiental. A idea é que o programa inclúa varias sesións e poida concentrarse nun período determinado, por exemplo dous ou tres meses baixo unha campaña tipo "primavera sostible". O programa incluiría unha parte teórica, visitas a produtores locais, actividades nas escolas con produtores e unha actividade final aberta á comunidade escolar, como unha feira.

2. ACTORES IMPLICADOS E ROL	
Actor / entidade / colectivo	**Rol previsto e papel na implementación**
Concello de Pontevedra (áreas de Educación e Medio Ambiente)	Liderar e financiar o programa, coordinar os centros educativos e impulsar a súa continuidade.
Centros educativos	Integrar o programa na programación escolar, facilitar espazos e coordinar a participación do alumnado e profesorado.
Profesorado	Desenvolver as actividades educativas, acompañar ao alumnado e incorporar os contidos ao currículo cando sexa posible.
Alumnado	Participar activamente nas sesións, visitas e actividades prácticas, actuando como axente multiplicador dos hábitos sostibles.
Familias e ANPAs	Reforzar as aprendizaxes no fogar, participar nas actividades abertas e colaborar na organización da actividade final.
Produtores locais	Participar en visitas, obradoiros e charlas, achegando exemplos reais de produción local e de tempada.
Consultora ou entidade especializada	Deseñar os materiais didácticos, elaborar a programación e apoiar a execución e avaliación do programa.
Entidades ambientais e educativas	Colaborar no desenvolvemento das actividades e achegar recursos educativos complementarios.

3. RECURSOS OU CONDICIÓNS NECESARIAS	
Tipo de recurso / condición	**Necesidade concreta**
Financiamento	Recursos económicos para contratar a entidade responsable, elaborar materiais e organizar as actividades.
Deseño do programa	Definir obxectivos, contidos, metodoloxía, calendario e sistema de avaliación.
Coordinación institucional	Colaboración entre Concello, centros educativos e entidades participantes.
Rede de produtores locais	Identificar produtores dispostos a recibir visitas e participar nas actividades escolares.
Comunicación	Informar aos centros, profesorado e familias sobre o programa e facilitar a súa participación.
Materiais didácticos	Elaborar recursos adaptados ás diferentes etapas educativas.

4. POSTA EN MARCHA E SEGUIMENTO	
Primeiros pasos	1. Definir os obxectivos e o contido do programa educativo. 2. Sacar a concurso ou contratar a entidade responsable do seu deseño e desenvolvemento. 3. Contactar cos centros educativos interesados e cos produtores locais participantes.
Horizonte temporal	Medio-longo prazo. Deseño durante un curso escolar e desenvolvemento dun proxecto piloto nos cursos 2026–2027 ou 2027–2028, coa intención de consolidalo posteriormente.
Indicador sinxelo de seguimento	- Número de centros educativos participantes. - Número de produtores adheridos ao programa. - Número de sesións, visitas e actividades realizadas.

5. ACCIÓNS CHAVE / DEPENDENCIAS	
Depende doutra acción proposta?	Si. Esta proposta compleméntase con outras accións relacionadas coa promoción da alimentación local, a educación e a conexión entre produtores e consumidores.
Accións relacionadas / observacións	2. Favorecer a incorporación de produto local nos comedores escolares mediante acordos coas empresas provedoras do servizo. O programa educativo reforza esta medida explicando ao alumnado a importancia do consumo de alimentos locais e de tempada. 4. Primar cociña in situ fronte a catering nos comedores escolares. As actividades educativas poden contribuír a valorar unha alimentación máis saudable e baseada en produtos frescos. 6. Organizar visitas, degustacións, catas e outras actividades de encontro directo entre produtores e consumidores. Esta acción ofrece actividades prácticas que poden integrarse dentro do programa educativo, complementando a formación teórica con experiencias reais. 10. Apoiar dende a Administración a creación de experiencias directas entre produtores e consumidores. As visitas ás explotacións e a participación dos produtores nos centros educativos constitúen experiencias directas que fortalecen o vínculo entre quen produce e quen consume.

6. VALIDACIÓN COLECTIVA		
Acción validada e considerada adecuada	**Acción adecuada pero que require matizacións ou melloras**	**Existen reservas importantes respecto á proposta formulada**
		

6. LECCIÓNS APRENDIDAS

A experiencia do Comité Cidadán polo Clima permite extraer unha serie de aprendizaxes útiles para a continuidade do proceso e para a súa posible replicabilidade noutros municipios ou ámbitos temáticos.

A diversidade do grupo debe construírse de maneira activa

A procura dun grupo plural require un proceso de convocatoria, contacto, preselección e selección que teña en conta diferentes variables sociais e demográficas. Non abonda cunha convocatoria aberta: é necesario realizar un seguimento activo para incorporar perfís diversos e evitar que participen unicamente persoas previamente sensibilizadas ou vinculadas á temática.

En futuras edicións sería conveniente reforzar especialmente a presenza dos grupos menos representados, como a mocidade, as persoas con menores niveis formativos ou determinados colectivos sociais con dificultades para participar en procesos de longa duración. Para elo, é convinte contar cun tempo suficiente que permita detectar as carencias e adaptar as ferramentas de convocatoria e comunicación cara a captar persoas menos representadas.

A capacitación previa mellora a calidade da deliberación

A combinación de información técnica e coñecemento cidadán permitiu que as persoas participantes analizasen o sistema alimentario con maior profundidade e formulasen propostas máis fundamentadas. A aprendizaxe debe realizarse cunha linguaxe clara, accesible e equilibrada, evitando tanto o exceso de información como a orientación previa das conclusións.

Resulta útil facilitar os materiais con antelación, resumir os principais conceptos e reservar tempo suficiente para formular preguntas ás persoas expertas.

O proceso debe avanzar de maneira progresiva

A secuencia empregada: visión compartida, diagnose, xeración de ideas, priorización, análise de viabilidade e concreción, favoreceu que as propostas finais non fosen recomendacións xenéricas, senón accións adaptadas á realidade de Pontevedra e cun alto grado de detalle, que axuda a garantir a viabilidade e implementabilidade das propostas.

Esta progresión resulta especialmente relevante en procesos deliberativos: tratar de chegar demasiado cedo ás solucións pode impedir unha comprensión compartida do problema e reducir a calidade das propostas. Neste caso, o traballo acumulado ao longo das cinco sesións permitiu que as propostas finais incorporasen un maior nivel de concreción sobre os actores implicados, os recursos necesarios, os primeiros pasos, o horizonte temporal e os posibles indicadores de seguimento, facilitando así a súa posterior análise e posible implementación.

A diversidade de dinámicas e a facilitación son fundamentais para unha participación equilibrada

O uso de dinámicas individuais, traballo en pequenos grupos e por parellas, debates plenarios e ferramentas dixitais permitiu ofrecer diferentes formas de participación e adaptarse a distintos estilos comunicativos. Esta diversidade metodolóxica favoreceu que as persoas participantes puidesen contribuír tanto desde a reflexión individual como desde o intercambio directo e a construción colectiva.

A facilitación desempeñou un papel esencial para ordenar o proceso, distribuír os tempos de palabra, facer visibles diferentes perspectivas e asegurar que as conclusións recollesen a diversidade de posicións presentes no grupo. Do mesmo xeito, resultou importante establecer dende o inicio unhas regras de funcionamento claras e explicar o alcance do mandato e o carácter consultivo e propositivo do Comité.

As propostas deben concretarse en instrumentos de implementación

A elaboración de fichas con actores, recursos, primeiros pasos, temporalización e indicadores contribuíu a achegar as recomendacións á realidade administrativa. Para que o proceso participativo tivera impacto, considerouse interesante avanzar sobre quen debe facelo, con que recursos e como se avaliará.

En futuras experiencias pode ser útil incorporar antes ao persoal técnico municipal ou a outros axentes responsables da execución, sen limitar a autonomía deliberativa do grupo.

A conexión con iniciativas existentes amplía o alcance do proceso

A sesión compartida co proxecto de ciencia cidadá do IES Luís Seoane e co Foro de Desenvolvemento Local permitiu incorporar a perspectiva da comunidade educativa e conectar diferentes actuacións do proxecto. Este tipo de colaboracións evita duplicidades, amplía a diversidade de coñecementos e facilita que as recomendacións cheguen a máis sectores da cidadanía.

A devolución institucional é unha parte imprescindible da participación

Para manter a confianza das persoas participantes, o proceso non debe rematar coa entrega do informe. É necesario comunicar que propostas son asumidas, cales necesitan máis estudo, cales non se consideran viables e por que razóns.

A existencia dunha resposta pública e razoada por parte do Concello contribuiría a recoñecer o traballo realizado polo Comité e completar o ciclo da participación, conectando a deliberación cidadá coa toma de decisións e coa posible posta en marcha das accións propostas.

A participación precisa tempo, coidados e continuidade

A celebración de cinco sesións ao longo de varios meses permitiu xerar confianza e consolidar unha dinámica de traballo compartida e avanzar progresivamente na elaboración das recomendacións. Porén, a continuidade tamén implica riscos de abandono ou dificultades de conciliación. Para favorecer a permanencia resulta conveniente establecer o calendario desde o inicio, limitar a duración das sesións, facilitar a accesibilidade dos espazos e prever medidas de conciliación ou compensación cando sexa posible.

7. PRÓXIMOS PASOS

A elaboración das recomendacións cidadás constitúe o principal resultado do proceso participativo desenvolvido polo Comité Cidadán polo Clima da cidade de Pontevedra. Para favorecer a súa incorporación ás políticas e actuacións municipais, así como para reforzar a conexión entre a deliberación cidadá e a toma de decisións públicas, proponse avanzar nos seguintes pasos:

1. Presentación e devolución pública dos resultados

Presentar formalmente o informe ao Concello, ás persoas participantes e aos principais axentes relacionados co sistema alimentario local. Esta devolución permite compartir o proceso realizado e as propostas resultantes, así como informar sobre os procedementos previstos para a súa valoración e posible incorporación ás actuacións municipais.

A devolución institucional constitúe un elemento clave para recoñecer a dedicación e o traballo realizado polas persoas participantes e para completar o ciclo do proceso participativo. Ademais, ofrece unha oportunidade para establecer un diálogo transparente sobre o percorrido das recomendacións, informando das propostas que poderían ser impulsadas, das que requiren unha análise máis detallada e dos retos ou condicionantes que poidan xurdir na súa implementación.

2. Avaliación técnica e competencial das accións

Analizar cada proposta desde os distintos servizos municipais implicados, identificando:

- a competencia administrativa correspondente;
- a viabilidade xurídica, técnica e económica;
- os recursos humanos e orzamentarios necesarios;
- as iniciativas municipais coas que podería coordinarse;
- os axentes externos que deberían participar.

O resultado podería recollerse nunha matriz de viabilidade que diferenciase accións de aplicación inmediata, actuacións que requiren deseño previo e propostas de carácter estrutural ou de longo prazo.

3. Priorización dunha primeira carteira de actuacións

Seleccionar un número reducido de accións para iniciar a súa implementación, combinando medidas de rápida execución con outras de carácter estratéxico. A selección debería atender ao seu impacto climático e social, á súa viabilidade, ao custo, á capacidade municipal e ao grao de apoio acadado durante o proceso.

4. Creación dun espazo de coordinación

Constituír un grupo de coordinación no que participen os departamentos municipais implicados e representantes dos principais sectores: produtores, comerciantes, Mercado de Abastos, centros educativos, empresas de restauración colectiva, entidades sociais e asociacións veciñais.

Este espazo permitiría concretar responsabilidades, detectar sinerxías e acompañar a execución das accións.

5. Desenvolvemento de experiencias piloto

Antes de estender algunhas medidas ao conxunto do municipio, suxerimos que se implementen de forma escalonada, probándoas inicialmente a pequena escala. Os proxectos piloto permitirían comprobar a demanda, os custos, as dificultades loxísticas e os resultados obtidos.

Cada experiencia debería contar cun obxectivo definido, unha duración determinada, responsables identificados e indicadores de avaliación.

6. Integración nas políticas e instrumentos municipais

Consideramos que estas recomendacións poderían vincularse cos plans, programas e orzamentos municipais relacionados coa acción climática, o comercio, os mercados, a educación, os servizos sociais, a saúde, a xestión de residuos e o uso dos espazos públicos.

Tamén convén estudar a incorporación de criterios de proximidade, sustentabilidade e prevención do desperdicio nos contratos e pregos de contratación pública nos que sexa xuridicamente posible.

7. Deseño dun sistema de seguimento

As fichas inclúen xa unha serie de indicadores sinxelos que poden facilitar o seguimento da posta en marcha das recomendacións. Co obxectivo de coñecer o seu grao de desenvolvemento e identificar oportunidades de mellora, podería establecerse unha revisión periódica, con carácter trimestral, semestral ou anual, segundo as características de cada acción.

Este seguimento podería recollerse nun breve informe que inclúa, entre outros aspectos:

- o número de accións iniciadas e completadas;
- o nivel de participación de produtoras e produtores, establecementos e centros educativos;
- os recursos destinados á súa implementación;
- a valoración e satisfacción das entidades e persoas participantes.

A difusión periódica destes resultados, mediante formatos claros e accesibles, contribuiría a reforzar a transparencia do proceso, compartir os avances acadados e favorecer a implicación continuada dos distintos axentes vinculados ao sistema alimentario local.

8. Comunicación e sensibilización cidadá

Elaborar unha estratexia de comunicación que dea visibilidade ás propostas e ás actuacións desenvolvidas. A comunicación debe centrarse nos beneficios ambientais, sociais, económicos e de saúde asociados a un sistema alimentario local máis sostible, procurando chegar a públicos diversos e non só ás persoas previamente sensibilizadas.

9. Continuidade e replicación do modelo

A creación deste comité cidadán polo clima da cidade de Pontevedra pode servir de base para futuras iniciativas de participación cidadá en Pontevedra, xa sexa mediante novas edicións do Comité centradas en retos específicos do municipio ou a través da creación de espazos estables de diálogo, seguimento e colaboración arredor dos ODS e das políticas locais de sustentabilidade.

- Xullo 2026 -